

O TURISMO SOSTIBLE COMO EXTERNALIDADE NEGATIVA DAS POLÍTICAS PÚBLICAS NO MEDIO RURAL

Ismael Blanco Casais¹

Departamento de Ciencia Política
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Os cambios sociais acontecidos en España desde os anos 50 do século XX tiveron un especial impacto nun medio rural que se viu sometido a un paulatino proceso de abandono. O artigo tenta demostrar como as políticas de desenvolvemento rural que se levaron a cabo desde a incorporación de España á Unión Europea tiveron como obxectivo inicial a implantación dun novo modelo de produción agrícola, pero remataron dando pe ó desenvolvemento no territorio español da nova forma de turismo denominado "sostible". Contemplado inicialmente como un medio para desenvolver as zonas rurais, este modelo de turismo presenta unhas peculiaridades que o converten en non poucas ocasións non nun medio para garantir ese desenvolvemento das zonas deprimidas do medio rural, senón nun fin en si mesmo que consume unha notable cantidade de recursos e que pode provocar efectos negativos alí onde se desenvolve.

Palabras chave: Políticas Públicas, Desenvolvemento Rural, Turismo Sostible, Programas de desenvolvemento rural.

Abstract: The social changes that took place in Spain since the fifties had an special impact in a rural enviroment that was subject to a gradual abandoning. This article tries to show how the rural development policies that were carried out since the incorporation of Spain in the European Union had as their first objective the implementation of a new agrarian production system, and they finished originating a new way of tourism known as "sustainable" in Spain. Firstly it was understood as a tool to develop rural areas, but this model of turism has some peculiarities that make it not just a way to guarantee the development of run-down areas, but an aim in and of itself that consumes a big amount of resources and that can cause negative effects where it developes.

Keywords: Public policies; Rural Development; Sustainable Turism; Rural Development Programmes.

INTRODUCCIÓN

A eclosión producida nos últimos 20 anos en España de proxectos ligados ó desenvolvemento dunha industria do turismo no medio rural encádrase na tendencia de crecente importancia que este sector ten na economía global, especialmente desde a

fin da II Guerra Mundial. En apenas 50 anos a industria do turismo pasou de xerar 2.100 Millóns de dólares no ano 1950 a producir 445.000 millóns de dólares no ano 1998 e 475.000 millóns no 2002 (Jafari 2005) de forma que podemos falar desta como da maior industria mundial do presente. A im-

portancia do turismo non ven dada unicamente polas transaccións económicas que xera, senón que xoga nas sociedades modernas un importantísimo papel nos intercambios culturais e sociais que o converten nun sector crítico para calquera país, especialmente para aqueles en vías de desenvolvemento. Como mostra desa importancia a ONU vinculou formalmente no ano 1976 á Organización Mundial do Turismo como axencia executiva do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

En paralelo a esta crecente importancia do sector turístico na economía e nas relacións entre sociedades e entre os estados, agromou unha crecente produción científica que estuda os diversos aspectos do fenómeno do turismo desde unha visión global. Dentro destes estudos nos últimos anos gañou importancia a análise dos modelos de turismo sostible encadrados dentro dun cada vez máis importante interese polo medio rural entendido xa non coma un espazo vinculado coa agricultura senón coma un espazo de ocio, de vida san e de contacto co medio ambiente. Esta nova visión do medio rural contrasta coa que se tiña inda non hai moito tempo cando a sociedade e os espazos rurais estaban condenados á desaparición ou no mellor dos casos a unha crise crónica derivada da falta de expectativas profesionais e ó atraso dos modelos produtivos dos sectores agrícola e gandeiro.

Neste traballo, que non é máis que o inicio dunha liña de estudo na que afondaremos proximamente, estudaremos a evolución do medio rural español tomando como punto de partida a situación que se vivía no mesmo a comezos do Século XX e que levou ó fenómeno de abandono das zonas rurais e emigración interior cara as zonas urbanas coñecido coma "éxodo rural". Como segundo aspecto, veremos cales foron as respostas que desde as administracións públicas se deron para tentar solucionar esa crise do medio rural que non se soubo prever nin evitar con anterioridade. Estudaremos como as políticas deseñadas para o medio rural evolucionaron de xeito

inicialmente involuntario cara programas de promoción do turismo rural e sostible e cara a creación dunha visión do espazo rural cada vez máis afastado dos sectores produtivos primarios. Finalmente analizaremos se estes modelos de turismo sostible que se presentan como alternativa de futuro para solucionar a crise dos espazos rurais poden ser aceptados como resposta válida que aporte unha solución a longo prazo.

CAMBIO SOCIAL E POLÍTICAS PÚBLICAS NO MEDIO RURAL EN ESPAÑA

Falar de medio rural en España implica ter en conta unha serie de procesos dunha complexidade maior do que adoitamos ter en conta. Ó longo do século XX, o medio rural español pasou por fases moi diferentes que tiveron como consecuencia que se nos primeiros anos da centuria a poboación española estaba principalmente asentada no medio rural, nos anos 70 consumárase un movemento de poboación desde as zonas rurais cara as cidades que permitía caracterizar este proceso cun termo de resonancias bíblicas, feito polo que nos referimos ós movementos migratorios interiores que se viviron en España na segunda metade do Século XX como "éxodo rural". Tense cifrado en 14 millóns o número de persoas que mudaron de residencia entre o ano 1910 e o 1970 (Tezanos 1984), o que sumado ó importantísimo fenómeno da emigración exterior, da unha idea da intensidade do cambio na estrutura social española e do impacto que tivo na súa tradicional dispersión poboacional.

Durante todo este tempo, o medio rural sempre ocupou un lugar secundario nas políticas públicas, en liña coa percepción que se tiña do agro coma fornecedor de recursos primarios e man de obra barata, e se ben non foi ate o ano 1932 que se promulgou a primeira lei de reforma agraria, o alzamento militar do xeneral Franco apresurouse a anular esta norma que se saldara cun sonoro fracaso. Durante o franquismo a meirande parte da sociedade española

mantiña formas de vida e pautas culturais típicas da ruralidade tradicional, comportamento este que de forma comprensible viuse favorecido e promovido polo novo réxime, en tanto existía unha clara identidade entre os valores da poboación rural e as pautas de comportamento desexadas pola elite gobernante. De feito atribúese á existencia desa ampla base social de orixe rural e con valores e pautas de comportamento claramente tradicionais o feito de que o franquismo se asentara tan facilmente no poder (Entrena Duran 1998), e de que nun principio o discurso do réxime debuxara ó agro cunha visión tradicionalista e conservadora. Os discursos do primeiro franquismo pintaban o medio rural coma o espazo no que aínda reinaba aquela harmonía alonxada dos conflitos que promove a industrialización, e eran as súas xentes as que mantiñan a reserva moral que toda a sociedade debía imitar. Naquel tempo o ruralismo entendiase coma o modelo dunha vida superior, mentres aqueles que participaban do mesmo permanecían plenamente identificados cos valores supremos do novo estado franquista nos seus distintos matices relixiosos, patrióticos, morais, políticos e económicos.

Foi a partires do desenvolvemento económico que tivo lugar en España a partires dos anos 50 e especialmente nos anos 60 e 70 que se abandonou aquela visión bucólica do agro para convertelo no fornecedor de recursos primarios e man de obra barata que precisaba a nova fase de industrialización e modernización económica que tanto precisaba o estado. Foi esta a época na que se produciu o tan comentado éxodo rural cara as cidades por parte daquela poboación nova que buscaba no medio urbano as oportunidades que lles negaba o campo. A meirande parte deste éxodo cara as cidades serviu para alimentar as necesidades de man de obra das novas industrias situadas nas zonas máis economicamente desenvolvidas da xeografía española, e foi así como Cataluña, Madrid e o País Vasco se converteron en receptores desa enorme cantidade de persoas que buscaban fuxir

da falta de expectativas satisfactorias que percibían nos seus lugares de orixe, e que buscaban adaptarse a unha sociedade que xa amosaba unha forte tendencia ó cambio. Nese contexto, o medio rural viuse cada vez máis abandonado ó carecer dunhas políticas que permitiran establecer unha continuidade ou un cambio tranquilo que permitira reverter a sociedade rural dotándoa de recursos e infraestruturas que melloraran a súa calidade de vida, e que permitiran levar a cabo a tan necesaria reconversión e transformación do sector agrario español para adaptalo á realidade dun mundo cunhas estruturas sociais e económicas moi diferentes. A consecuencia deste abandono foi non só a falta de relevo xeracional para manter as explotacións agrarias, senón o máis dramático despoboamento paulatino dun medio que non puido adaptarse a tempo a un mundo cambiante.

Foi a comezos dos anos 80 cando comezou a facerse patente a desfavorable situación do agro español cando as institucións comunitarias comezaron a advertir do baixo nivel de renda dos habitantes do medio rural en España en comparación coa dos cidadáns europeos. Este foi o detonante de que por primeira vez as administracións públicas –primeiro a nivel estatal e despois a nivel autonómico– comezaron a deseñar políticas públicas que tentaran modificar a tendencia suicida da sociedade rural. Estas políticas, como é lóxico, foron desenvolvidas no novo marco dun estado das autonomías cuxa instauración e desenvolvemento podemos situar facilmente dentro dos procesos paralelos de cambio que identificaron ROKKAN e URWIN (1982) e que viñan afectando a Europa dende 1945, pero que non atopamos en España ate a chegada do período democrático e que consistiron en:

- Crecente internacionalización das economías territoriais e persistente erosión das fronteiras dos estados xunto cunha crecente difusión de mensaxes, ideoloxías e modelos de organización.

- Crecemento das expectativas e as demandas sobre as capacidades do estado, polo que coa presión exercida para expandir o estado do benestar, os servizos educativos e as axudas para os sectores e as rexións menos produtivas incrementouse tamén das infraestruturas precisas para poder levar a cabo esa expansión.
- Incremento dos esforzos para mobilizar periferias, rexións e mesmo localidades contra o centro nacional, así como incremento das reivindicacións das minorías de cara a obter unha maior autonomía cultural e política.

O modelo político-administrativo instaurado coa democracia fixo extensivas estas características ás políticas públicas que tiñan o medio rural como obxectivo. Co desenvolvemento do modelo autonómico e o conseguinte reparto de competencias, foron estas novas administracións as que asumiron a responsabilidade de artellar unha sociedade e uns espazos rurais que se vían seriamente ameazados, adoptando as medidas necesarias para poder acometer a transformación duns procesos produtivos que apenas mudaran desde os primeiros anos 70. O obxectivo primordial era adaptar o sistema produtivo imperante no medio rural para conseguir abandonar o tradicional modelo de produción para o autoconsumo, pasando a implantar un modelo de produción extensivo e intensivo que convertería a España nun país exportador dos produtos do seu sector primario.

Mais a grande mudanza no medio rural produciuse coa incorporación de España á Comunidade Económica Europea no ano 1986, momento a partir do cal comezaron a desenvolverse políticas que tentaban facer converxer os niveis de renda e os modelos de produción españois e europeos. Mostra da importancia que o desenvolvemento rural tiña para a Unión témola no feito de que a maior partida orzamentaria dos fondos europeos destinouse á Política Agraria Común, nun intento de unificar os criterios e o desenvolvemento do sector

produtivo agrario. Dadas as diferenzas territoriais e políticas nas que a PAC tiña que desenvolverse, fíxose necesario facela evolucionar cara plans de desenvolvemento rural baseados en modelos máis rexionais que tentaran revitalizar, estruturar e dinamizar as zonas rurais, tendo especial coído en velar polo mantemento medioambiental deses territorios.

Xunto coa PAC a resposta dada polas institucións comunitarias á crise que atravesan os medios rurais máis deprimidos dos países membros da CEE atopámola no plan LEADER (*Liaisons Entre Activités de Développement Economique Rurale*), convertido en liña principal de traballo e principal política pública destinada a modernizar as zonas deprimidas da Unión. Se ben o desenvolvemento dos sectores produtivos rurais definiuse por medio da Política Agraria Común que regulaba tanto a produción coma os mercados agrícolas, era fundamental contar cun plan de actuación que se fixara uns resultados máis amplos e un desenvolvemento integral das zonas rurais. E en realidade os programas LEADER tentaban romper coa identificación entre medio rural e produción agrícola, feito que podemos comprobar ó observar que o obxectivo deste plan non son sectores produtivos, senón territorios definidos e tódolos seus habitantes, non centrándose naqueles que leven a cabo unha determinada actividade agrícola ou gandeira. Seguindo a CÁNOVES, VILLARINO e HERRERA (2006) aceptamos aquí que por desenvolvemento do medio rural entendemos o proceso que busca satisfacer tres aspectos clave: igualar o nivel de vida das zonas rurais e urbanas, favorecer a implantación de actividades produtivas diversificadas que potencien o sector industrial e de servizos e, finalmente frear o proceso de abandono e decadencia dos espazos rurais. Facíase polo tanto preciso contar cunha política transversal e multidireccional que permitira resolver os múltiples problemas que limitaban o crecemento dos espazos afastados das zonas urbanas e rururbanas. Tentábase en definitiva que a influencia destas políticas comunitarias no medio rural espa-

ñol se notara especialmente en tres ámbitos: o social, o económico e o medioambiental. De feito, tal e como demostra PLAZA GUTIÉRREZ (2006) tres dos catro principios básicos da nova política rural da UE para o século XXI inciden neste sentido:

- Multifuncionalidade que recompense ós agricultores pola gama de servizos que prestan e que da resposta ás demandas dos consumidores, estando entre estes servizos o mantemento do medio rural.
- Un único regulamento de desenvolvemento rural que busca tres obxectivos estratéxicos xerais: a) apoiar o sector agrario e forestal viable e sostible como eixo central da actividade rural; b) desenvolver as condicións territoriais, económicas e sociais precisas para manter a poboación rural a partires dun enfoque sostible; c) manter e mellorar o medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio natural das zonas rurais.
- Enfoque multisectorial que se propón desenvolver a economía rural creando novas fontes de ingresos e de emprego, desenvolvendo os servizos rurais e conservando a paisaxe e o patrimonio rural. Dentro deste enfoque ten unha importancia capital o desenvolvemento do sector do turismo sostible.

Os plans LEADER contaron desde o seu principio con sete especificidades e enfoques (Noriega Agüero 2007), que amosaban ben ás claras a necesidade de levar a cabo unha política que vinculara a tódolos axentes políticos, administrativos, cidadáns e locais. As características e enfoques deste plan serían:

- Un enfoque territorial, pois cada unha das actuacións do plan céntrase nun territorio previamente identificado e conta cunha liñas de actuación adaptadas a cada zona
- Un enfoque ascendente, que implica a necesidade da participación da po-

boación local nos obxectivos marcados polo plan.

- A existencia de grupos locais nos que delegar o traballo de definición e xestión do proxecto.
- A necesidade de que as propostas aprobadas teñan un carácter innovador
- Proxectos integrados e multisectoriais que busquen os nexos entre as accións e non se limiten a ser unha simple suma de proxectos
- Creación de redes de cooperación que impliquen a formación e a transferencia mediante o intercambio de coñecementos e experiencias, debendo crearse unha cooperación interterritorial e transnacional
- A descentralización da xestión e o financiamento, se ben o seguimento dos proxectos aprobados se fai desde as institucións comunitarias.

Estes programas desenvolvéronse en tres fases: LEADER I (1991-1994), LEADER II (1994-1999) e LEADER + (2000-2006). Asimesmo estes plans deseñados pola administración europea víronse complementados en España coa posta en marcha do plan PRODER (*Programa de Desarrollo y Diversificación de Zonas Rurales*) que contribuíron a levar a cabo as reformas estruturais necesarias para modificar a tendencia ó abandono que sufrían as zonas rurais españolas. O Programa LEADER aplicaríase a rexións previamente identificadas coma *Obxectivo 1* (rexións menos desenvolvidas) e *Obxectivo 5b* (zonas rurais fráxiles) o que convertía á maior parte das comunidades autónomas (excluíndo a Cataluña, Madrid e País Vasco) en zonas obxectivo destes programas, cuxos fondos e obxectivos territoriais pasaron a estar xestionados polo Grupos de Acción Local (GAL).

Tal como apuntan CÁNOVES, VILLARINO e HERRERA (2006) o programa LEADER non consistía nun plan de desenvolvemento turístico, aínda que na práctica funcio-

nou coma se o fora. De máis de duascenas iniciativas que se acolleron a este plan en Europa, en máis de setenta grupos de acción local a meirande parte dos proxectos tiveron que ver con algún aspecto do desenvolvemento turístico (diagnóstico de situación, revalorización do patrimonio cultural e natural, mellora de equipamentos e infraestruturas, organización da comunicación e información turística, organización da oferta turística local, desenvolvemento de produtos turísticos específicos, formación de operadores turísticos ou acondicionamento de aloxamentos turísticos). Esta situación tamén se produciu en España, onde nos 52 territorios con iniciativas LEADER I había algún proxecto para o fomento do turismo rural, o que quedou reflectido no feito de que a metade do orzamento quedaba destinado a tal fin. O que quedou claro desde un principio é que os programas LEADER ían ter unha importancia capital no desenvolvemento do turismo rural e sostible, e tanto foi así que dos 1074 establecementos de turismo rural existentes en España no ano 1994, multiplicouse esa cifra por seis en nove anos, pasando a contar con 6534 establecementos no ano 2003.

DESENVOLVEMENTO RURAL E TURISMO SOSTIBLE. UNHA RELACIÓN COMPLEXA

Podemos encadrar o turismo sostible dentro do que JAFARI (2005) denomina *Plataforma Adaptativa*, terceira en orde cronolóxica dunha serie de catro, e que responde ó modelo de turismo que emerxeu durante os anos 80 caracterizándose por ser especialmente respectuoso coas comunidades de acollida, co seu entorno socio-cultural ou construído e co medio natural no que se moven. Ó mesmo tempo téntase darlle ó turista novas opcións de ocio e novas experiencias gratificantes que levan a que se establezan novas variantes e ofertas: enoturismo, agroturismo, turismo comunitario, turismo cultural ou étnico, turismo de granxa, turismo verde, turismo de aventura, turismo rural, turismo sostible ou o "non turismo". Polo xeral todas estas prác-

ticas xiran en torno ás comunidades propias do territorio, empregan recursos locais, xestiónanse facilmente, non son destrutivas e buscan beneficiar por igual ó anfitrión e ó turista, mesmo mellorando a comunicación entre eles. O turismo *adaptativo* independentemente do matiz que se lle aplique preséntase coma unha alternativa ó turismo de masas, comercializado e incontrolado que se practica nas grandes zonas turísticas, e a diferenza do que acontece neste, o turismo goza dunha grande autonomía para decidir cales son as experiencias das que quere participar, establecendo unha relación e gozando dun contacto e dunha intensidade que non pode atoparse no turismo de masas. Tamén é verdade que as estratexias desta plataforma non serven para dar servizo ó grande volume turístico que se xera globalmente, aínda que convén sinalar que tampouco é esa a súa finalidade. O turismo *adaptativo* busca unha relación moito máis estreita e individualizada que a que ofrece o turismo comercial.

É chegados a este punto onde podemos comprender a importancia das políticas públicas orientadas cara o medio rural no desenvolvemento do turismo sostible en España. Como vimos anteriormente, durante os anos 60 e 70 do século XX asistimos a un forte e intenso proceso de urbanización indiscriminada que xerou unha fenda durante moito tempo irreparable entre dous espazos que funcionaban en claves e lóxicas totalmente opostas, e que motivou que durante ese tempo, e mesmo durante a década dos 80 foran dous espazos que vivían de costas un ó outro. A partires da posta en práctica por parte da administración comunitaria e estatal dos programas de desenvolvemento do medio rural, restableceuse o contacto entre os dous medios, coa singularidade de que o medio rural era un medio baleiro de xente e de oportunidades. Os programas de dinamización do medio rural o que permitiron foi dar a coñecer ese medio rural afectado por unha grave crise de identidade e de expectativas a unha poboación urbana que non coñeceu a antiga realidade so-

cioeconómica que caracterizaba o medio rural tradicional español.

Este retorno ó medio rural a cabalo das políticas públicas ás que nos referimos anteriormente tivo graves implicacións para a sociedade e o medio ós que esas políticas estaban dirixidas. O aspecto máis importante e preocupante é que as reformas tanto estruturais coma de servizos que se levaron a cabo, en liñas xerais non se deseñaron en clave rural, senón que en virtude desa proxección da que falamos máis arriba deseñáronse en clave urbana, tentando responder máis ás necesidades das cidades e das cabeceiras de comarca que a un artellamento do territorio realmente efectivo. No fondo deste comportamento temos unha concepción das zonas rurais promovida desde unha sociedade eminentemente urbana que só as entende coma un territorio que presta determinados servizos que se lle demanden, distintos en certo xeito daqueles que se consideraban tradicionais e propios do campo, e xa non só limitados á satisfacción de necesidades e abastecemento alimentario e de materias primas, pasando agora a desempeñar esa multifuncionalidade que a cidade esixe. A consecuencia deste comportamento está sendo que o medio rural segue ancorado nunha grave crise de expectativas e polo tanto de futuro. O sector primario segue sendo a pesares de todo a base na que se asenta o funcionamento e a existencia da meirande parte dunha poboación cada vez máis envellecida e necesitada de servizos asistenciais que só poden prestarse a un elevado custo. Os novos modelos de explotación do medio rural como espazo de esparcemento e no que se emprazan aqueles servizos que se precisa alonxar dos medios urbanos (parques eólicos, puntos de acumulación de lixo e residuos, centrais enerxéticas...) así coma os espazos de ocio xerados a través das novas tendencias creadas en base ós modelos de turismo sostible, non fan máis que perpetuar unha decadencia que a primeira vista pode semellar atenuada, pero que desde o noso punto de vista continúa sendo imparable.

O desenvolvemento das diversas formas de turismo sostible en pouca medida pode contribuir a evitar esa crise, tanto pola forma en que se deseña coma pola forma en que se plasma. Non podemos esquecer que as redes de establecementos de turismo rural e sostible naceron ó abeiro dun importante impulso das administracións públicas e grazas ás importantes axudas que se concederon ó sector, tanto de forma directa coma mediante o intento de crear dotacións e infraestruturas que apoiaran o seu nacemento e desenvolvemento. Mais o que non podemos esquecer é que do que estamos a falar é da posta en funcionamento dun tecido empresarial subvencionado no que hai un empresario que agarda obter un rendemento, e que este non pode vir determinado pola posibilidade de obter un subsidio, senón pola lóxica da xestión e a rendibilidade empresarial. En segundo lugar debemos ter en conta que este modelo de turismo non podemos consideralo coma un beneficio para as comunidades de acollida, pois como regra xeral, os beneficios do turismo rural só son percibidos polos propietarios dos establecementos, podendo mesmo xerarse situacións de tensión ou rexeitamento cara o turista por parte da comunidade residente. A pesares de entenderse coma unha forma de establecer un contacto máis estreito entre o turista e a comunidade receptora, o certo é que en non poucas ocasións enténdese a chegada do foráneo coma unha ruptura ou alteración da comunidade e do seu espazo, cando non coma unha molestia no desenvolvemento das actividades locais. Por outra parte, atopámonos en non poucas ocasións con evidentes reticencias por parte das propias comunidades á implantación das políticas orientadas a diversificar ou modificar os seus modelos produtivos de cara a favorecer un suposto desenvolvemento. A razón dese rexeitamento radica na consciencia de que esas políticas implicarían limitacións a determinadas actividades das que depende a economía da zona, e temos como exemplo moi presente en Galicia a oposición dos habitantes da Serra do Courel e dos Ancares a ser declarados parque nacional, pois

implicaría o peche das explotacións pizarras tan importantes para a economía da zona. E non pode sorprender o mantemento deste tipo de posicións, pois supón a representación máis gráfica do conflito existente entre dúas formas ben distintas de entender o espazo rural: por unha parte a daqueles que viven nel e precisan da súa explotación para poder subsistir (situación que se da tanto nas zonas rurais coma nas zonas de costa) e por outra parte a de quen desexa manter un espazo idílico e idealizado do que poder disfrutar nos momentos de ocio. Asimesmo, a aceptación de determinadas políticas conducentes a tentar implantar determinadas formas de ver e interpretar o territorio moi ó gusto das modas urbanas implicaría ter que someterse a normas específicas que non sempre poden ser asumidas polos cidadáns se non é mediante a actuación directa das administracións públicas, e temos como exemplo as normas que tentan loitar contra ese fenómeno denominado “feísmo” que non ven a ser máis que a consecuencia lóxica da falta de recursos que permitan primar a estética sobre a funcionalidade.

CONCLUSIÓNS

A intensa transformación que está vivindo o medio rural español a nivel económico, social e cultural é consecuencia de dous factores fundamentais: en primeiro lugar o longo período de abandono que viviu durante o “desarrollismo” e os primeiros anos de democracia, e a posta en práctica dunhas políticas públicas que tentaron corrixir de xeito equivocado os erros do pasado. Un dos froitos máis destacados destas políticas públicas foi o desenvolvemento dunha sector turístico “sostible” que recibiu unha notable cantidade de fondos para implantarse e desenvolverse. Este sector turístico non pode ser entendido coma a táboa de salvación dun medio rural que aínda agarda pola efectiva transformación das súas estruturas e infraestruturas de xeito que permita por un lado corrixir as graves eivas do sector primario, e por outra terciarizar definitiva-

mente a súa economía como xeito de garantir a estabilidade da poboación.

Por outra parte, o desenvolvemento deste sector turístico debe ser entendido coma un complemento e un medio para favorecer o desenvolvemento rural xunto co mantemento de actividades existentes e a creación doutras novas. Se aceptamos a implantación de políticas que busquen crear as condicións ideais para o desenvolvemento turístico sobre calquera outra actividade produtiva estaremos convertendo este modelo de explotación turística nun fin ó que sacrificamos un medio e unha sociedade, estaremos artificializando un sector da nosa sociedade e sacrificando o seu futuro o que en modo algún podemos considerar coma sostible. As políticas de promoción do turismo sostible non son máis que a prolongación dunha forma de entender o medio rural coma un fornecedor de servizos que se lle demanda desde as zonas urbanas, e non pode seguir desenvolvéndose en base a claves prefixadas e proxectadas desde as cidades. Para garantir o futuro do medio rural debemos aceptar a súa especificidade e construír o seu futuro desde esa premisa básica.

BIBLIOGRAFÍA

- CÁNOVES, G.; VILLARINO, M. e HERRERA, L. (2006) – *Políticas públicas, turismo rural y sostenibilidad: Dificil equilibrio*. Boletín de la A.G.E. Nº 41, páxs. 199-217
- CUNIN, E. e RINAUDO, C. (2005) – *Las murallas de Cartagena entre patrimonio, turismo y desarrollo urbano. El papel de la sociedad de mejoras públicas*. Memorias. Revista digital de Historia y Arqueología desde el Caribe. Año 2, Nº2
- ENTRENA DURAN, F. (1998) – *Viejas y nuevas imágenes de ruralidad*. Estudios Sociedade e Agricultura, Nº 11, páxs. 76-98
- FORTUNATO, N. (2005) – *El territorio y sus representaciones como recurso turístico. Valores funcionales del concepto de*

- "parque nacional". Estudios y Perspectivas en Turismo, Vol. 14, páxs. 314-348
- GONZALEZ HERNANDEZ, M.; LEON GONZÁLEZ, C. e PADRÓN FUMERO, N. (2006) – *Obsolescencia y políticas de renovación medioambiental en el sector turístico*. Cuadernos Económicos de ICE, N° 71, páxs. 153-176
- HALL, C.M. (1994) – *Tourism and politics: policy, power and place*. Wiley & sons. New York
- HALL, C.M. e PAGE, S.J. (2006) – *The geography of tourism & recreation*. Routledge. New York.
- HALL, C.M. e JENKINS, J.M. (2003) – *Tourism and public policy*. Thomson Learning. UK
- JAFARI, J. (2005) – *El turismo como disciplina científica*. Política y Sociedad, Vol. 42 Núm.1, páxs. 39-56
- MARCHENA GÓMEZ, M. e REPISO RUBIO, F. (1999) – *Turismo cultural: el caso de Sevilla*. Cuadernos de Turismo, N° 4, páxs. 33-50
- MITCHELL, R.; HALL, C.M. e McINTOSH, A. (2000) – *Wine tourism around the world: development, management and markets*. Butterworth-Heinemann. London.
- MOSCOSO SANCHEZ, D. J. e GONZALEZ FERNANDEZ, M.T. – *La montaña como observatorio de lo social*. IESA-CSIC. Documentos de Trabajo 2104
- MOYANO ESTRADA, E. – *Nuevas orientaciones de la política europea de desarrollo rural*. IESA-CSIC. Documentos de trabajo 0514.
- NORIEGA AGÜERO, M.A. (2005) - *La iniciativa comunitaria LEADER: estudio detallado y evolución del Plan LEADER Saja-Nansa*. Cuadernos de Ordenación del Territorio. N° 5, páxs. 25-30
- PEREZ RAMIREZ, C.; ZIZUMBO-VILLARREAL, L. e MONTEROSO-SALVATIERRA, N. (2009) – *Turismo e identidad de resistencia; la oposición local a proyectos turísticos en el parque nacional Nevado de Toluca, México*. Estudios y Perspectivas en Turismo, Vol. 18 páxs. 36-52
- PLAZA GUTIÉRREZ, J.I. (2006) – *Territorio, geografía rural y políticas públicas. Desarrollo y sustentabilidad en las áreas rurales*. Boletín de la A.G.E., n° 41, páxs. 69-95
- PUNZO, L. (2004) – *Sostenibilidad del turismo y desarrollo económico local: el caso de la región Toscana*. Caderno Virtual de Turismo, Vol 4, N° 1, páxs. 9-27
- ROKKAN, S. e URWIN, D. (1982) – *The politics of territorial identity. Studies in European regionalism*. SAGE publications.
- SILVESTRE RODRIGUEZ, J. (2002) – *Las emigraciones interiores en España durante los Siglos XIX y XX: una revisión bibliográfica*. Ager. Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural. N°2
- SOLANA SOLANA, M. (2005) - *¿La constitución de una nueva ruralidad? Migración y cambio demográfico en áreas rurales de Gerona: el caso del "Empordanet"*. CEDDAR, Barcelona

NOTA

1 Dedicatoria: Á memoria do meu avó Manuel Casais Nieto. Medra cada día o cariño polo mundo que creaches para min. A Rosa e á miña familia, que me dades e me soportades todo. Ó Profesor José Vilas Nogueira, in memoriam. Agradecementos: Ó meu profesor, mentor e amigo Miguel Anxo Bastos Boubeta, o seu maxisterio e amizade nunca poderán ser dabondo compensadas. Ós meus grandes amigos Iván Suárez Sanxiao, Bruno Lorenzo Barrio, Laureano Fernández Carballo, José María Vazquez Guillán, Pedro Cortizo Blanco e tantos e tantos que me quedan no tinteiro, gracias por enriquecerme coa vosa amizade sincera ó longo de tantos anos. Ó Profesor Venancio Salcines Cristal e a todo o persoal de Escuela de Finanzas teño que agradecerlles o seu apoio, confianza, cariño e xenerosidade, que adquiren un nivel superlativo na persoa de Patricia Muiño Parente. Os meus compañeiros e amigos de Banco Etcheverria, consiguen facer do traballo diario unha enorme satisfacción, que se torna cálida amizade nas persoas de Alberto Vázquez Maceiras, Pablo Ración Lacárcel e Amanda Vázquez Suárez. Gracias pola vosa paciencia. No momento de escribir estas páxinas, o meu primo Adrián Gómez Casais enfrontábase con exemplar entereza a unha complicada enfermidade á idade de dezaioito anos. Teño a esperanza de que manteña ese exemplo durante moitos anos máis.